


Universidade de Vigo

# INFORME FINAL

2021-2022

## PLAN DE ACCIÓN TITORIAL E ATENCIÓN ÁS NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO (PAT-ANEAE)



Escola Superior de Enxeñaría Informática

Aprobado na Comisión de Calidade o 08/07/2022

## Táboa de Contidos

1. Presentación .....	2
2. Cumprimento da planificación .....	2
3. Seguimento.....	3
3.1. Análise xeral .....	4
3.2. Dificultades, queixas, suxestións e problemas detectados .....	4
3.3. Alumnado con necesidades especiais .....	5
4. Cuestionarios de satisfacción .....	5
4.1 Cuestionario de satisfacción do alumnado .....	5
4.2. Cuestionario de satisfacción dos titores .....	8
4.3. Resultados dos cuestionarios .....	9
5. Consecución dos obxectivos .....	9
5.1. Análise dos resultados .....	11
6. Melloras para o curso 2022-2023 .....	11

## 1. Presentación

O informe final do PAT-ANEAE é o instrumento fundamental para a avaliación e posterior mellora do mesmo. A avaliación do PAT-ANEAE concíbese como un proceso de recollida e análise de información relevante que aporte datos sobre os resultados obtidos a partir da posta en práctica do plan (produto), e a idoneidade dos medios e recursos empregados para obter ditos resultados (proceso).

Constitúe unha ferramenta esencial, e proporciona a información precisa para as decisións que se van tomando durante a planificación, o desenvolvemento e a finalización do mesmo.

Neste documento preséntase a valoración global das accións realizadas, analízanse o nivel de consecución dos obxectivos previstos e as dificultades atopadas, así como as modificacións introducidas e as consecuencias e propostas de mellora para o curso seguinte.

## 2. Cumprimento da planificación

Cumpríuse a planificación aprobada ao principio do curso, celebrándose as reunións fixadas no cronograma, tanto para o alumnado do grao como de máster en Enxeñaría Informática. A maioría das reunións celebradas tiveron lugar de xeito presencial, pero para motivar e facilitar a participación do alumnado de grao tamén se celebraron algunhas de xeito virtual.

Reflicítese a continuación os datos de cumprimento das reunións realizadas.

Ficha para a Avaliación do PAT-ANEAE					
Grao de Cumprimento do PAT-ANEAE					
Actividade	<i>(Marcar cun X)</i>			Xustificación	Nº Asistentes
	Non se Desenvolveu	Desenvolveuse Parcialmente	Desenvolveuse Totalmente		
1. AA			X	Desenvolveuse de forma conxunta coa participación de todos	130
2. AAP1 RMTc			X	Desenvolveuse de forma conxunta, de xeito virtual, coa participación de todos	13
3. RGAT1 RGAM1 RMAT1		X		Nalgúns grupos non houbo reunión e nos que houbo, asistiron moi poucos estudantes	32

4. RGAT2 RGAM2 RMAT2		X		Nalgúns grupos non houbo reunión e nos que houbo, asistiron moi poucos estudantes	9
5. RAC1		X		Desenvolveuse de forma virtual (correo electrónico) durante todo o mes e non participou ningún alumno.	0
6. AAP2				Desenvolveuse de forma conxunta, de xeito virtual, coa participación de todos	13
7. RGAT3 RMAT3 RGAM3		X		Nalgúns grupos non houbo reunión e nos que houbo, asistiron moi poucos estudantes	14
8. RAC2			X	Desenvolveuse de forma virtual (correo electrónico) durante todo o mes e non participou ningún alumno.	0
9. AAP3			X	Desenvolveuse de forma conxunta, de xeito virtual, coa participación de todos	9

A maiores tamén se desenvolveron algunhas actividades demandadas polo alumnado, especialmente o alumnado de máster, con moita participación e que se detallan a continuación:

- Conferencias: curriculum vitae para enxeñaría. Presenta o teu potencial. (17 de febreiro) → <https://esei.uvigo.es/evento/conferencias-curriculum-vitae-para-enxenaria-presenta-o-teu-potencial/>
- Charla en liña: Convocatoria de bolsas (24 de febreiro) → <https://esei.uvigo.es/evento/charla-en-lina-convocatorias-de-bolsas/>
- Charla informativa: as especialidades do grao e do máster (2 de xuño) → <https://esei.uvigo.es/evento/charla-informativa-sobre-as-especialidades-do-grao-e-do-master/>

### 3. Seguimento

As fichas de seguimento foron cubertas pola coordinadora, profesorado titor e alumnado mentor en cada reunión realizada, e nelas preséntanse as dificultades e problemas detectados.

### 3.1. Análise xeral

- Desmotivación do alumnado e sentimento de frustración nos titores e mentores por non captar o interese dos estudantes. O formato actual de charla ou reunión non interesa. A asistencia do alumnado ás reunións foi moi escasa, especialmente ás reunión de grao. Non ocorre o mesmo nas reunións de máster, onde asisten ao redor de dez alumnos, porque teñen lugar media hora antes da clase e teoría da titora.
- Soamente doce alumnos do grao e tres do máster cubriron o Anexo II. Polo tanto non se puido coñecer o contexto de estudo nin a traxectoria académica dos integrantes do PAT-ANEAE.
- Non están claras as funcións do titor PAT-ANEAE. É preciso que a universidade oferte cursos de formación tanto para titores PAT-ANEAE como para mentores.

### 3.2. Dificultades, queixas, suxestións e problemas detectados

- Baixa participación do alumnado de grao ás reunións, sendo nula na maioría dos nove grupos PAT-ANEAE existentes.
- Baixa participación nos cuestionarios de satisfacción por parte dos estudantes.
- Dificultade para convocar a todos os membros dun grupo PAT-ANEAE pola diversidade de horarios dos membros dos grupos.
- Dificultade para atopar mentores que participen no programa. Ao non existir cursos de formación descoñecen as tarefas a desenvolver e como levalas a cabo.
- Os alumnos suxiren que se lles subscriba de xeito automático nas listas de distribución de información sobre becas e prácticas que existen na universidade, para estar informados das convocatorias abertas.
- Respecto ao Anexo II os alumnos non están conformes con ter que poñer os seus datos persoais. Os titores tampouco ven a necesidade de que apareza esa información no formulario cando ademais non está claro o destino do mesmo, nin quen custodia eses datos. Suxiren eliminalo.

- O alumnado procedente de ciclos formativos que solicita convalidacións de materias queixase de que tardan moito tempo en recibir resposta e cando a reciben xa está o curso moi avanzado para poder matricularse noutra materia.
- Unha parte do alumnado (pouco representativa, dada a baixa asistencia) non se viu capaz de abordar as planificacións e contidos de algunhas materias de 1º curso, 1º cuatrimestre.

### 3.3. Alumnado con necesidades especiais

Fíxose un seguimento específico do estudantado por parte da responsable do PIUNE da ESEI, en colaboración co Gabinete Psicopedagóxico e da Área de Diversidade da Universidade.

- Detectouse algún problema coa xestión do tempo de exame dalgún alumno o cal se puxo en coñecemento do gabinete e da área de diversidade e buscou solución.
- Púxose en coñecemento do Gabinete psicopedagóxico, para recibir asesoramento, casos nos que se detectaron necesidades específicas de apoio educativo.
- Algúns profesores queixáronse de que reciben tarde as pautas a seguir nas clases e nas formas de avaliación.

## 4. Cuestionarios de satisfacción

### 4.1 Cuestionario de satisfacción do alumnado

Seguindo a tónica de participación do alumnado de grao en enxeñaría informática, os cuestionarios de satisfacción do alumnado foron cubertos soamente por 5 alumnos. A continuación amósanse os resultados obtidos en cada unha das cuestións.

#### 1. Valora a documentación e a información previa ofrecida do PAT-ANEAE

<i>Moi Mala</i>	0%
<i>Mala</i>	20%
<i>Boa</i>	60%
<i>Moi Boa</i>	20%

#### 2. Valora a organización e coordinación das distintas actividades desenvolvidas no PAT-ANEAE

<i>Moi Mala</i>	0%
<i>Mala</i>	20%
<i>Boa</i>	40%
<i>Moi Boa</i>	40%

3. En que grao o desenvolvemento do PAT-ANEAE respondeu ás túas expectativas?

<i>Nada</i>	20%
<i>Pouco</i>	0%
<i>Bastante</i>	40%
<i>Moito</i>	40%

4. Valora o grao de utilidade do PAT-ANEAE

<i>Nada</i>	0%
<i>Pouco</i>	40%
<i>Bastante</i>	40%
<i>Moito</i>	20%

5. Resulta aplicable o abordado no PAT-ANEAE para distintos aspectos do teu desenvolvemento persoal, académico e profesional?

<i>Si</i>	60%
<i>Non</i>	40%
<p><i>Por que?</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– A resposta negativa se debe a que non sabe a utilidade do PAT-ANEAE e non se lle ve aplicación</li> <li>– A resposta positiva xustifícase porque achegou información relevante e interesante para os estudantes de máster, a través de reunións e charlas e xornadas relativas ás posibles saídas profesionais do máster.</li> </ul>	

6. Consideras que as datas establecidas para as distintas actividades foron axeitadas?

<i>Si</i>	80%
<i>Non</i>	20%
<p><i>Por que?</i></p> <p>Porque coincidían con clase. As actividades sempre se realizaron en horarios compatibles coa asistencia ás clases.</p>	

7. Consideras axeitada a metodoloxía empregada?

<i>Si</i>	60%
<i>Non</i>	40%
<p><i>Por que?</i></p> <p>A resposta negativa débese a que non asistiu a ningunha reunión. O trato coa titora foi moi próximo, permitindo realizar consultas de forma sinxela e efectiva.</p>	

8. Consideras axeitado o sistema de seguimento?

<i>Si</i>	50%
<i>Non</i>	50%
<p><i>Por que?</i>                  A resposta negativa débese a que non asistiu a ningunha reunión.                  O número de reunións é axeitado para o máster e, ao ser profesora do curso a titora, sempre se puido manter o contacto con ela.</p>	

9. Valora a actuación de teu titor/a nos distintos aspectos

	<i>Moi mal</i>	<i>Mal</i>	<i>Ben</i>	<i>Moi ben</i>
<i>Metodoloxía empregada</i>	0%	20%	60%	20%
<i>Desenvolvemento dos contidos</i>	0%	20%	60%	20%
<i>Claridade da exposición</i>	0%	40%	40%	20%
<i>Atención persoal aos alumnos</i>	0%	20%	60%	20%
<i>Aclaración de dúbidas</i>	0%	0%	80%	20%

10. Valora a actuación de teu mentor/a nos distintos aspectos

	<i>Moi mal</i>	<i>Mal</i>	<i>Ben</i>	<i>Moi ben</i>
<i>Metodoloxía empregada</i>	0%	40%	40%	20%
<i>Desenvolvemento dos contidos</i>	0%	40%	40%	20%
<i>Claridade da exposición</i>	0%	40%	40%	20%
<i>Atención persoal aos alumnos</i>	0%	60%	20%	20%
<i>Aclaración de dúbidas</i>	0%	40%	40%	20%

11. Comentarios e/ou suxestións

12. En que grao a titulación Grao en Enxeñaría Informática responde ás túas expectativas?

<i>Nada</i>	0
<i>Pouco</i>	0
<i>Bastante</i>	60%
<i>Moito</i>	40%



## 4.2. Cuestionario de satisfacción dos titores

1. Valora a documentación e a información previa ofrecida pola coordinadora do PAT-ANEAE

<i>Moi Mala</i>	0%
<i>Mala</i>	0%
<i>Boa</i>	28,6%
<i>Moi Boa</i>	71,4%

2. Valora a organización e coordinación das distintas actividades desenvolvidas no PAT-ANEAE

<i>Moi Mala</i>	0%
<i>Mala</i>	0%
<i>Boa</i>	28,6%
<i>Moi Boa</i>	71,4%

3. Valora a carga de traballo que supón o seguimento do PAT-ANEAE

<i>Nada</i>	0%
<i>Pouco</i>	85,7%
<i>Bastante</i>	0%
<i>Moito</i>	14,3%

4. Consideras que as datas establecidas para as distintas actividades foron axeitadas?

<i>Nada</i>	0%
<i>Pouco</i>	0%
<i>Bastante</i>	0%
<i>Moito</i>	100%

*Por que?*

- Distribuíronse en datas que son claves para o seguimento do alumnado.
- Tanto titor como alumnos están satisfeitos coas datas
- Fixéronse fora do horario de clases

5. Valora o grado de utilidade do PAT-ANEAE de acordo coas experiencias co estudantado?

<i>Nada</i>	0%
<i>Pouco</i>	42,9%
<i>Bastante</i>	42,9%
<i>Moito</i>	14,3%

6. Consideras axeitada a metodoloxía empregada?

<i>Si</i>	71,4%
<i>Non</i>	28,6%
<i>Por que?</i>	

- Si, porque cubre as necesidades dos estudantes
- Non se consegue suficiente asistencia.
- Non se acada a implicación dos estudantes
- É unha metodoloxía sinxela

7. Consideras axeitado o sistema de seguimento?

Si	100%
Non	0%
<i>Por que?</i> <ul style="list-style-type: none"> <li>- As reunións teñen lugar en momentos clave do curso.</li> <li>- A coordinadora é accesible</li> </ul>	

8. Que eliminarías do PAT-ANEAE?

- Reunións

9. Que engadirías?

- Darlle mais importancia ao PAT-ANEAE.
- Fomentar a convivencia para gañar confianza no PAT-ANEAE
- Estudar novos métodos de motivación cara aos estudantes
- Facer actividades fora da ESEI

### 4.3. Resultados dos cuestionarios

- Os resultados do cuestionario de satisfacción do alumnado non son representativos dada a baixa participación.
- Os resultados do cuestionario de satisfacción dos titores poñen de manifesto a necesidade de cambiar a metodoloxía empregada para conseguir a participación dos estudantes no programa.

### 5. Consecución dos obxectivos

Ficha para a Avaliación do PAT-ANEAE				
Grao de Consecución dos Obxectivos				
Obxectivo	<i>(Marcar cunha X)</i>			Xustificación
	Non Logrado	Parcialmente logrado	Logrado	
<b>Obxectivos Xerais</b>				

Establecer un sistema de información, orientación e canalización socioeducativa para os alumnos/as das titulacións do centro mediante a asignación de profesorado titor.			X	A asignación tivo lugar, pero existe un escaso interese do alumnado unha vez está integrado no Centro
Establecer un sistema de apoio ao alumnado das titulacións de grao mediante a asignación de alumnado mentor.		X		A escaseza de mentores dificulta a consecución deste obxectivo.
Implantar un sistema de información para todo o estudantado sobre o funcionamento do centro.			X	A través da web da ESEI, a cal se visualiza nas reunións do PAT-ANEAE
Motivar unha participación activa de todo o alumnado nos distintos aspectos da vida universitaria.		X		A baixa participación dos estudantes impide acadar este obxectivo. Pola contra, si que existe unha boa participación a través da delegación de alumnos
Ampliar a información que o alumnado ten sobre a universidade, os servizos que ofrece, os proxectos nos que pode participar, os programas de mobilidade, as bolsas ás que pode optar,....			X	Os asistentes recibiron información detallada dos diferentes servizos nas reunións organizadas e a través das charlas específicas impartidas por profesionais.
Ampliar a información sobre as saídas profesionais relacionadas coas ensinanzas do centro, en especial para o alumnado dos mestrados.			X	Traballouse a través das charlas
Axudar o alumnado nas situacións persoais que dificulten o seu desenvolvemento normal da actividade académica informándoos dos servizos da universidade que poden atender á súa situación específica.			X	Comunicación activa coa area de Diversidade da UVigo para resolver situacións persoais.
Garantir a atención á diversidade e á igualdade de oportunidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.			X	Informouse do programa PIUNE e deuse a coñecer o gabinete psicopedagóxico
<b>Obxectivos Específicos</b>				
Empregar o PAT-ANEAE como unha forma de obtención de datos e de valoración sobre o propio desenvolvemento e a mellora da calidade das titulacións.			x	A través dos anexos cubertos polos titores e mentores e a través deste informe final.
Mellorar a implicación do estudantado na Xestión do Centro			x	A Delegación de Alumnos, participa de xeito activo nas actividades da ESEI.
Mellorar a satisfacción do estudantado coa formación recibida			x	En xeral, o alumnado está satisfeito.
Dar cobertura ás necesidades de apoio formativo dos/das alumnos/as			x	O Gabinete Psicopedagóxico do Campus de Ourense segue a ser fundamental naqueles casos detectados de necesidades especiais.

### 5.1. Análise dos resultados

- En liñas xerais, pódense considerar cumpridos os obxectivos, aínda que a baixa participación dos estudantes desmotiva a titores e mentores.
- A situación excepcional vivida durante estes anos de pandemia, e que diminuíu as relacións interpersoais en todos os ámbitos da vida, tamén na vida universitaria, pode estar detrás da baixa participación do alumnado ás reunións do PAT-ANEAE.
- O alumnado de necesidades especiais ten a súa disposición plans de estudo específicos, adaptados ás súas necesidades, que lles permiten un normal seguimento do curso. Este alumnado, ademais, durante este período, foi obxecto dun seguimento intensivo por parte da responsable do PIUNE na ESEI, e pola Área de Diversidade da Universidade de Vigo.

### 6. Melloras para o curso 2022-2023

- Organizar a primeira reunión do PAT-ANEAE para que se celebre durante o acto de acollida ou como moi tarde a primeira semana de curso. Como a asistencia ao acto é elevada, a celebración desta primeira reunión fará que mais estudantes entendan a utilidade real do PAT-ANEAE como programa para integrarse no sistema universitario, coñecer os servizos dispoñibles, detectar posibles problemas e axudar no normal desenvolvemento do curso.
- Organizar os grupos do PAT-ANEAE de xeito que coincidan cos grupos de prácticas das materias. Deste xeito se facilita a asistencia dos estudantes ás reunións e estas serán mais fluídas, posto que os estudantes estarán mais cómodos dentro do seu grupo.
- Tras varias negativas recibidas, tentar integrarnos dentro do programa MEET-UVigo durante o curso 22/23.
- Tratar de incorporar máis alumnado mentor ao PAT-ANEAE, para que este alumnado poida traballar con grupos máis reducidos.
- Realizar, sempre que sexa posible, accións formativas para o alumnado mentor e o profesorado titor, que poidan axudar a un mellor desenvolvemento do PAT-ANEAE.
- Tratar de recoller información de interese sobre o alumnado (Anexo II do protocolo PAT-

ANEAE), pero evitando incluír información persoal.

- Organizar cursos /charlas / talleres / visitas de interese para os estudantes, respondendo ás súas inquietudes formativas.

- ANEXO:

Relación de titores de grao:

- Lourdes Borrajo Diz
- Miguel Díaz-Cacho Medina
- Trinidad Domínguez Vila
- Juan Francisco Gálvez Gálvez
- Matías García Rivera
- Encarnación González Rufino
- Silvana Gómez Meire
- José Ramón Méndez Reboredo
- Miguel Reboiro Jato

Titora máster:

- Anália María García Lourenço

Relación de mentores:

- Antonio Adrián González Pedrouzo
- Angel Vieitez Senra

Titora Alumnado Estranxeiro

- Alma Gómez Rodríguez